

A NOSA VOZ, OS NOSOS DEREITOS

Guía explicativa para o desenvolvemento de actividades
para o Día Internacional dos Dereitos da Infancia 2021





A nosa voz, os nosos dereitos

Guía explicativa para o desenvolvemento
de actividades para o Día Internacional
dos Dereitos da Infancia 2021

01

Introdución ao Día Internacional
dos Dereitos da Infancia 2021

1.1. Os dereitos da infancia son... 4

02

Presentación das actividades
“A nosa voz, os nosos dereitos”

2.1. Como facemos as actividades? 5

2.2. Como recoller as conclusións? 6

2.3. Como facer chegar todas as propostas e

opinións de mozas e mozos á Plataforma de Infancia?

03

Preguntas frecuentes 7

04

Cadro resumo de actividades

4.1. Actividades deseñadas para mozas e mozos de 6 a 8 anos 8

4.2. Actividades deseñadas para mozas e mozos de 9 a 12 anos 9

4.3. Actividades deseñadas para mozas e mozos de 13 a 17 anos 10

Introdución ao Día Internacional dos Dereitos da Infancia 2021

A Plataforma de Infancia é unha coalición de 73 organizacións coa misión de promover, protexer e defender os dereitos de nenos, nenas e adolescentes. Así mesmo, fomenta a participación dos nenos e nenas no seguimento da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN), facilitando o cumprimento dun dos seus principios xerais; o dereito á participación, a través da súa estratexia A Infancia Opina.

Con motivo da conmemoración do Día Universal dos Dereitos da Infancia, o 20 de novembro, data na que se ratificou por parte de España a Convención sobre os Dereitos do Neno, a Plataforma de Infancia pon en marcha un proceso participativo con mozos e mozas das entidades membro e colectivos de organizacións de infancia (asociacións, centros educativos, concellos) para a análise, seguimento e realización de propostas dos propios mozos e mozas sobre a aplicación dos seus dereitos.

Para este ano 2021 a Plataforma de Infancia impulsa a elaboración do [Informe ao Comité dos Dereitos do Neno](#), vinculándoo a este proceso “A nosa voz, os nosos dereitos”. A través do desenvolvemento das actividades que se presentan na web www.diadelainfancia.es os grupos participantes reflexionarán sobre o estado dos seus dereitos no noso país, sendo as súas conclusións e propostas resultado destas actividades o punto de partida para a elaboración do informe de mozas e mozos ao Comité.

Como paso previo ás actividades que aquí se presentan realizouse unha consulta a grupos de participación a través da cal seleccionaron os 5 temas sobre os que se centran as actividades de “A nosa voz, os nosos dereitos”:



Participación infantil



Todas somos iguais



Saúde e benestar



Violencia



Educación

Durante o mes de setembro e outubro desenvolveranse grupos focais compostos por mozas e mozos participantes dos grupos rexistrados no proceso “A nosa voz, os nosos dereitos”. Cada grupo focal estará centrado nun dos 5 temas propostos e partirá das conclusións recibidas dos grupos para a elaboración do contido do informe ao Comité.

Tanto o proceso como as conclusións e propostas resultantes serán presentadas polos e polas propias protagonistas no acto conmemorativo que a Plataforma de Infancia desenvolve durante a semana do 20 de novembro, en coordinación co Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 ante as autoridades competentes.

Para o apoio do proceso presentamos esta guía metodolóxica para o persoal educador de organizacións, centros escolares e consellos de infancia. O obxectivo principal é facilitar ferramentas para desenvolver un proceso que favoreza o seguimento da Convención sobre os Dereitos do Neno a partir da experiencia dos e das protagonistas.





1.2

Os dereitos da infancia son

Neste ano 2021 o proceso do Día da Infancia centrase nos dereitos que seleccionaron os mozos e mozas na consulta de temas realizada no mes de marzo e que foron sinalados como os que máis lles preocupan ou sobre os que cren que aínda non se cumpren.

Estes son só algúns dos dereitos que contén a Convención sobre os Dereitos da Infancia de Nacións Unidas, e para poder poñervos en situación, recomendámosvos poder comezar visualizando [este vídeo](#) para introducir as actividades.

A partir de aquí, e para que sirva de introdución, podedes expor ao grupo algunhas das seguintes preguntas:

- ➔ Está escrito nalgún sitio que os nenos e nenas somos importantes? onde?
- ➔ Que dereitos dos que nomearon chámanche a atención?
- ➔ Algún dos dereitos nomeados crees que non se cumpren?
- ➔ Onde deben cumprirse os nosos dereitos?



02

Presentación das actividades “A nosa voz, os nosos dereitos”

Esta guía metodolóxica está dirixida aos equipos educadores que acompañarán aos grupos participantes neste proceso do Día Universal dos Dereitos da Infancia 2021.

2.1

Como facemos as actividades?

Esta guía pretende ser un apoio aos equipos educadores na tarefa de xerar espazos de reflexión e xeración de propostas.

Para cada un dos cinco temas propostos; participación infantil, todas somos iguais, saúde e benestar e violencia, deseñouse unha proposta diferente de actividade. Cada unha destas actividades atópase adaptada aos seguintes tramos de idade:

De 6 a
8 anos


De 9 a
12 anos

De 13 a
17 anos

Co obxectivo de simplificar o acceso a todas as actividades, estas compártense na web do Día da Infancia de maneira individual (atendendo a cada tema e cada idade). Os grupos participantes só teñen que elixir a temática ou actividade que lles interesa traballar e acceder aos materiais acordes á franxa de idade na súa ligazón específica.

As actividades explícanse a través de fichas que inclúen toda a información necesaria para poder poñelas en práctica; duración, materiais, desenvolvemento e algunhas preguntas de apoio ao debate que poden facilitar a reflexión grupal.

As actividades están expostas cunha mesma estrutura que contempla: a parte lúdica, o espazo de reflexión onde abordar a súa visión grupal sobre o tema e a posta en común en gran grupo sobre as conclusións (que finalmente se formularán en modo de propostas concretas).



2.2

Como recoller as conclusións?

O principal obxectivo deste proceso é coñecer a visión que teñen as mozas e os mozos sobre o cumprimento dos seus dereitos. O proceso pretende facilitar a súa participación como cidadáns e cidadás, que a súa voz sexa tida en conta no desenvolvemento de políticas públicas, e que estas partan das súas propostas.

A través do proceso de coñecer - observar - propoñer, perséguese que poidan ser altavoz da situación da súa contorna máis próxima. Exponse recoller aquelas opinións e propostas concretas que acordase o grupo.

Cada equipo educador será o que se encargue de recoller e sintetizar as opinións dos mozos e mozas, e incorporalas á [ficha de conclusións](#) que vos facilitamos a través de este documento e da web www.diadelainfancia.es

Para facilitar esta recollida de conclusións ao equipo educador, cada ficha de actividade inclúe unha serie de preguntas detonantes que vos facilitarán a reflexión e a elaboración das

propostas das mozas e mozos. Estas respostas ás preguntas, é o que debedes recoller na ficha de conclusións, xunto con aquilo que consideredes “proposta concreta de mozos e mozas”.

Compártense exemplos do que son propostas concretas:

- ➔ “Non se nos toma en serio cando participamos, e despois nunca ninguén nos di que pasou coas nosas ideas”.
- ➔ “Queremos máis educadores sociais nos colexios e institutos”.

En cambio, o seguinte comentario non se consideraría unha conclusión se non parte da vosa avaliación interna, e por tanto non hai que envialo:

- ➔ “Dividímolos en grupos de 5 porque así funcionan mellor. Primeiro fixemos a parte do xogo de mesa e logo o das cadeiras. Ao final avaliamos que tal foi”.

2.3

Como facer chegar tódalas propostas e opinións das mozas e mozos á Plataforma de Infancia?

Facilítase unha ficha Excel a cada entidade, grupo ou colexio que se inscribe no proceso. Nesta ficha, denominada [ficha de conclusións](#), ademais dos datos xerais do grupo, incorporaranse as opinións e propostas concretas que o grupo realízase.

Unha vez recompiladas todas as conclusións, desde a Plataforma de Infancia realizarase un traballo de sistematización co obxectivo de

trasladar esas conclusións de maneira ordenada e clara aos grupos focales que se reunirán no mes de setembro para elaborar o contido final do Informe ao Comité dos Dereitos do Neno. O Informe ao Comité dos Dereitos do Neno, resultado do proceso “A nosa voz, os nosos dereitos” será publicado durante o mes de novembro de 2021.



Preguntas frecuentes

Cantas actividades ten que facer cada grupo para participar?

Cada grupo pode elixir o número de actividades que quere ou pode facer, desde unha, dúas ás cinco propostas que conteñen as actividades deseñadas para “A nosa voz, os nosos dereitos”.

Temos que seguir exactamente a ficha e proposta de actividade que nos facedes?

Non, podedes adaptar a actividade, desenvólvela doutra maneira ou facer unha actividade propia que trate o mesmo tema elixido. A ficha está deseñada para facilitar o desenvolvemento aos equipos de educadores, pero non é indispensable desenvólvela segundo vén descrita. Tede en conta as preguntas que se incorporan na ficha á hora de saber que cuestións recoller como conclusións dos grupos.

Canto tempo pódenos levar, máis ou menos, desenvolver cada actividade?

En cada ficha de actividade detállase a duración aproximada que se calculou. Dependendo das características do teu grupo, a preparación da propia actividade e a dinámica grupal esa duración pode variar.

Como vos facemos chegar as conclusións?

Ao realizar a inscrición do teu grupo desde a Plataforma de Infancia enviarémosche a ligazón ao teu propio cartafol Drive onde poderás atopar a ficha de conclusións para encher e subir a ese cartafol que se che foi asignado. O equipo da Plataforma de Infancia encargárase de acceder a esa ficha para extraer as conclusións e no caso de ter dúbidas sobre o contido poñeráse en contacto para solucionar.

Podo presentar as conclusións nalgún outro formato que non sexa excel?

O formato excel facilítanos a clasificación e recollida das conclusións debido ao gran número de grupos participantes e o seu gran número de propostas. Se che é imposible utilizar a ficha proposta pedimosche que recollas os datos que se solicitan no excel no formato que vaías utilizar.

É imprescindible inscribirse para facer as actividades?

Si. Isto axúdanos a poder realizar un seguimento e acompañamento dos grupos e saber quen estamos implicados no proceso. É a maneira de saber quen formamos parte de todo isto. Este paso é importante á hora de trasladar as conclusións ás autoridades competentes e contarlles quen participou e de onde.

Isto non quita que as actividades son públicas e abertas á súa utilización por calquera colectivo ou persoa en calquera momento.

Na inscrición, teño que poñer os nomes dos nenos e nenas?

Non. Só pedímosvos como información imprescindible o nome do teu grupo e entidade á que pertence.

Nos grupos focais, teño que inscribir ao grupo enteiro ou só aos mozos e mozas interesados?

Só e unicamente aos mozos e mozas que van participar nos grupos focais que se desenvolverán durante o mes de setembro.

Que necesito presentar para os grupos focais?

Ao realizar a inscrición grupal e manifestar o voso interese porque un ou unha mozo/a do teu grupo quere participar nos grupos focais, desde a Plataforma enviarémosche unha autorización que deberá ser completada e asinada pola súa nai/pai ou titor/a.

A quen recorro en caso de ter algunha dúbida?

➔ **Ana García**
Técnica de participación
agarcia@plataformadeinfancia.org





4.1 Cadro resumo de actividades

Actividades deseñadas para mozas e mozos de 6 a 8 anos

	 TEMA	 NOME	 DURACIÓN	 TÉCNICA	 DESENVOLVEMENTO	 RECURSOS
1	Participación	Palabra Secreta	90'	Xogo	Debate e construción grupal	Xogo interactivo e ficha
2	Violencia	World Cacao	60'	Conversa grupal	Xerar pequenos grupos de conversa para abordar os temas concretos	Fichas con contido
3	Todas somos iguais	Noticiero sobre os meus dereitos	60'	Dramatización	A partir do análise de noticias, cambiar o seu enfoque de infancia	Fichas coas noticias
4	Saúde e benestar	Somos máis que máquinas	90'	Actividade plástica	Construción colectiva	Papel continuo, rotuladores, pinturas e ficha
5	Educación	Protagonistas da nosa educación	60'	Cuestionario	Selección de propostas a partir do traballado no Día da Infancia 2021	Cuestionario



4.2 Cadro resumo de actividades

Actividades deseñadas para mozas e mozos de 9 a 12 anos

	 TEMA	 NOME	 DURACIÓN	 TÉCNICA	 DESENVOLVEMENTO	 RECURSOS
1	Participación	Palabra Secreta	90'	Xogo	Debate e construción grupal	Xogo interactivo e ficha
2	Violencia	World Cacao	60'	Conversa grupal	Xerar pequenos grupos de conversa para abordar os temas concretos	Fichas con contido
3	Todas somos iguais	Noticiario sobre os meus dereitos	60'	Dramatización	A partir do análise de noticias, cambiar o seu enfoque de infancia	Fichas coas noticias
4	Saúde e benestar	Somos máis que máquinas	90'	Actividade plástica	Construción colectiva	Papel continuo, rotuladores, pinturas e ficha
5	Educación	Protagonistas da nosa educación	60'	Cuestionario	Selección de propostas a partir do traballado no Día da Infancia 2021	Cuestionario



4.3 Cadro resumo de actividades

Actividades deseñadas para mozas e mozos de 13 a 17 anos

	 TEMA	 NOME	 DURACIÓN	 TÉCNICA	 DESENVOLVEMENTO	 RECURSOS
1	Participación	Palabra Secreta	90'	Xogo	Debate e construción grupal	Xogo interactivo e ficha
2	Violencia	World Cacao	60'	Conversa grupal	Xerar pequenos grupos de conversa para abordar os temas concretos	Fichas con contido
3	Todas somos iguais	Noticario sobre os meus dereitos	60'	Dramatización	A partir do análise de noticias, cambiar o seu enfoque de infancia	Fichas coas noticias
4	Saúde e benestar	Somos máis que máquinas	90'	Actividade plástica	Construción colectiva	Papel continuo, rotuladores, pinturas e ficha
5	Educación	Protagonistas da nosa educación	60'	Cuestionario	Selección de propostas a partir do traballado no Día da Infancia 2021	Cuestionario



Somos unha rede de **73** organizacións de infancia coa misión de protexer, promover e defender os dereitos de nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas.

A nosa visión é alcanzar o pleno cumprimento dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes, integrando o esforzo das organizacións de infancia e de todos os axentes sociais.

COLABORA



A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia está constituída por **35** entidades que traballan no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. É membro da Plataforma de Infancia e comparte os mesmos fins.

PLATAFORMA DE INFANCIA ESPAÑA

 C/ Escosura, 3. Local 2
28015 Madrid

 info@plataformadeinfancia.org

 91 447 78 53

www.plataformadeinfancia.org

 @platdeinfancia

 @plataformadeinfancia

 @plataformadeinfancia

FINANCIA



PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA

 R/ Belvis, 2. 15703
Santiago de Compostela
A Coruña

 participación@infanciagalicia.org

 747 491 242

www.infanciagalicia.org

 @infanciagalicia

 @infanciagalicia

 @infanciagalicia